



PREMIOS MIL  
PRIMAVERAS

## ACTA DO XURADO DOS III PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO

**Lugar:** en liña a través da plataforma Jitsi Meet

**Data:** 30 de marzo de 2022

**Hora de comezo:** 17.00 h

**Hora de remate:** 18.30 h

### Membros do xurado:

- Inmaculada Seage Freire, técnica de normalización lingüística dos concellos de Rois e Dodro e vogal da CTNL, como presidenta,
- Nel Vidal Barral, docente no IES Rego da Trabe, de Culleredo, e coordinador do proxecto *Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega* (proxecto premiado na edición de 2020),
- Soco García Conde, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela e responsable dos proxectos *Enreguéifate e Regueifesta e Galegoempresas* (proxectos premiados na edición de 2020),
- Fátima Rodríguez Ruibal, docente no IES Antón Alonso Ríos, de Tomiño, e
- Iolanda Fernández Casal, xornalista e responsable de comunicación da Real Academia Galega.

Intervén como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos III Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2021), promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para decidir os proxectos premiados nas seguintes categorías:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

Escollido entre aqueles que se leven desenvolvendo durante, polo menos, cinco anos.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

Escollido entre aqueles nados en 2019 ou despois.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

Escollido por acadar un grande impacto social e por supor un modelo positivo de comunicación.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

Escollido atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

Logo de avaliar os 23 proxectos presentados e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

**Do berce á rúa** (Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón), por ser un dos primeiros espazos que se creou con recursos para a crianza en galego e servir de modelo para un programa referente coma o Apego, co cal convive e coopera. Os seus recursos son útiles tanto para as familias como para o persoal de educación e grazas á presenza na rede é unha iniciativa que soborda os límites do propio municipio. O xurado destacou tamén a interesante e variada compilación de recursos audiovisuais.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

**CantámOLA en galego** (Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra), por ser un proxecto que aborda a necesidade de visibilización da música en galego de todos os estilos e por estar especialmente dirixido á mocidade. O proxecto desenvólvese en diferentes formatos, desde exposicións de diferentes tamaños a listas de reprodución e vídeos, e é unha iniciativa exportable a outras entidades. O xurado valorou tamén que sexa un proxecto que dialoga co ensino, facéndolle chegar recursos para que os centros educativos traballen co alumnado a riqueza musical en galego e asocien a lingua a un ámbito de gran valor para eles.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

**Twitter en galego** (Iniciativa Twitter en Galego) e **Proxecto Instagram en galego** (Instagram en Galego), por ser proxectos efectivos, con alta repercusión social e nos cales se traballa de forma horizontal. O xurado salientou que son iniciativas que teñen incidencia no corpus, xa que asentan o léxico das novas plataformas en galego, e no status, pois, alén da demanda da versión galega das plataformas, promoven o emprego do galego polas persoas usuarias. Tamén valorou a capacidade de adaptación ás circunstancias, o seu grande impacto, que supera os 33 000 seguidores en Twitter, os 32 000 en Instagram e os 15 000 en Facebook, e que son referentes para outras iniciativas.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

**Somos xogo** (Xandobela. Educación e Cultura), por ser un proxecto aglutinador, transversal, que achega a tradición á actualidade e que asocia a lingua a algo que valoramos positivamente, o xogo. O xurado tamén valorou que é unha iniciativa desenvolvida por unha empresa privada, que comparte contidos lúdicos e impulsa que se creen novos. Tamén se tivo en conta a colaboración co ámbito educativo e cos servizos de normalización lingüística e a promoción da nosa lingua no lecer e en espazos de socialización.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

**Dicionario galego para boomers** (IES Leiras Pulpeiro, Lugo), por ser un proxecto que dá protagonismo e papel activo á xente nova e vincula o galego non co pasado, senón co novo, o moderno e o máis actual. O xurado tamén destacou a eficiencia comunicativa a través das redes que manexa a mocidade e o coidado deseño. É ademais un proxecto que logrou crear interese dentro e fóra do ámbito escolar e axuda a levar o ensino da lingua máis alá da aula tradicional.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

**Media laranxa** (Media Laranxa), por ser un proxecto que demostra que o galego pode funcionar en igualdade nos espazos de moda, neste caso a cociña e a gastronomía, con gran repercusión nas redes sociais, onde busca o diálogo coas persoas usuarias, principalmente a través de xogos. O xurado tamén valorou que consiga a colaboración de empresas e que poña en valor a riqueza dialectal, alén do emprego de soportes actuais, pois ten presenza en TikTok, Instagram e Facebook.

O xurado tamén quixo salientar a proliferación de diferentes proxectos que teñen o galego como lingua vehicular, o que axuda a aumentar a presenza pública da lingua e a crear espazos de divulgación de diferentes contidos en galego, aínda que estes proxectos non teñan como obxectivo principal a promoción da lingua. Sen ser propiamente proxectos de normalización lingüística, son iniciativas encomiables e necesarias para lograrmos unha maior repercusión social do idioma.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta dá por finalizada a reunión e eu, como secretaria, redacto esta acta.

A secretaria

A presidenta

**Anexo:** bases dos III Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego